


De castiñeiros e castañas: unha conexión c@s devanceir@s



MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ*

A nosa é unha terra na que abundan os soutos. Desde hai séculos, os castiñeiros veñen formando parte da paisaxe que foi contemplada e que moldearon co seu traballo os nosos antepasados. Ademais, grazas a estas árbores tanto as xentes como os animais puideron gozar do que nos nosos tempos xa case conta coa consideración de manxar: as castañas.

Por iso, podemos afirmar que os castiñeiros e as castañas constitúen en boa medida unha conexión directa coas mulleres e homes que nos precederon no vivir nestas terras. Algún caso resulta especialmente significativo. Estoume referindo, por exemplo, a unha árbore de enorme magnitude e beleza como é o castiñeiro de Pumbariños, incluído por méritos propios no catálogo de árbores senlleiras. Este constitúe unha boa mostra desa existencia plurisecular dos castiñeiros que nos conecta, mesmamente, con todas aquelas mulleres que, "señoreando" ou traballando a nosa terra, constituíron unha peza esencial no funcionamento da sociedade medieval e que, no seu día a día, tiveron nos castiñeiros e nas castañas unha materia prima, un alimento e una beleza paisaxística de primeiro nivel.

Se examinamos os pergamiños medievais do mosteiro bieito femino de San Salvador de So-

brado de Trives, poderemos comprobar que os soutos non só foron un máis dos bens posuídos polas relixiosas ou cos que limitaban as propiedades destas –reflexo, por tanto, da omnipresenza dos castiñeiros na paisaxe da zona–, senón que a súa explotación recaía nas mulleres e homes da contorna, que debían coidalos e pagar por eles determinadas rendas.

En 1471, por exemplo, a abadesa dona María Sánchez aforou a Rodrigo de Monteboi, morador de Sobrado, e á súa muller María Álvarez, *esta con que ora sodes casado, o souto do Caneyro, que he do dito noso moesteyro, que jas ena rybeyra de Sobrado, que parte ençyma per sofulto de Gonzalvo de Barbeyrón*, entregándollo con súa erdade e castaneyros a cambio dunha renda de 15 marabedís, que deberían pagar en novembro polo día de San Martiño.

Dous exemplos máis do século XV evidencian a importancia dos soutos na contorna do Bibei: en 1448 as monxas de Sobrado aforaron a Gonzalo Martínez de Mendoia e á súa muller, Inés Yáñez, uns bens entre os que estaba *hun souto que yas açyma da ponte Vivey, que parte ençyma pelo souto de Pedrares, e pelo térmyno que vay pro poço da Regenta, sigundo que manda o souto pro rygeyro das Régoas*. E apenas

uns anos máis tarde, en 1466, outorgouse outro foro, esta vez a favor de Inés Estévez, filla de Estevo do Covato, morador en Sobrado, consistente nun souto que *vas ena rybeyra do dito moesteyro ao poço do Canor, que parte en fondo pelo río de Vyvey, pelo paço do Caneyro, y ençyma parte pelo camino que vay para ponte de Vyvey, y ende lado parte per la cabarca que vén do souto do Canor pro poço do Canor, e da outra parte, parte per huna cabarca que vén do canyno de gyma que vay para ponte de Vyvey, que vay abaxo pro Canor, que foy de Roy Gonçales de Mendoia*.

A importancia de posuír estes soutos tamén se observa na investigación realizada en 1305 por Estevo Yáñez, mordomo do infante don Filipe na zona, a petición dunha monxa de Sobrado chamada Maior Pérez. Esta reclamaba unhas propiedades que foran da súa nai, dona Marina Méndez, entre as que había un souto. Non estaba disposta a relixiosa a perdelo!

Por outra parte, as castañas, con outros produtos da terra e da explotación gandeira, convertéronse, xunto ao diñeiro, en compoñentes esenciais das rendas que os foreiros debían pagar ás relixiosas. Así, en 1273 a abadesa dona Marina Rodríguez pediulles

a Xoán Pérez e á súa muller Tareixa Iohanis que pagaran por unha herdade que lles aforaba en San Fiz, *en lugar que dizen o Souto, cando menos a quarta de pan et de vinno et de nozes et de castannas*. Pero aínda máis proporción de castañas lles demandou en 1292 a abadesa dona Sancha Rodríguez a Domingo Páez e á súa muller María Martínez polos bens que lles aforaba: *a meadade das castannas et das nozes que ouver cada ano, máis un porco pola festa de San Martiño, entre outros pagos*.

Por esta terra, e por moitas outras partes da Galicia medieval, os castiñeiros e as castañas convertéronse, sen dúbida algunha, nos grandes protagonistas dun mundo eminentemente rural no que aínda non fixeran acto de presenza nin as patacas nin o millo procedentes de América. De feito, boa lectura ao respecto é o traballo de Héitor Picallo Fuentes, *No medioevo, castañas e castiñeiros como recursos económicos* (2018). Porén, fronte ao que sucedeu noutros lugares de Galicia, nos que as especies foráneas foron substituíndo ás autóctonas, aquí aínda temos a fortuna de conservar un bo número de soutos, castiñeiros e castañas. Agora xa non só cun valor económico, aínda que tamén. Hoxe destacamos a súa importancia

paisaxística, cultural e incluso como trazo de identidade. Bos son os nosos magostos, tempo e espazos de socialización e de construción da comunidade. Tamén destacados son os nosos sequeiros. E non son poucos os castiñeiros que, coas súas pólas firmes e robustas, serviron para o divertimento de cativos e non tan cativos.

Cómpre pegar un último chimpito temporal para recordar que, alá por 1839, o farmacéutico de Trives, don Antonio Álvarez, contaba das Terras de Trives na súa obra *Análisis de las aguas potables y minerales del partido de la Puebla de Trives que todas sus inmediaciones están perfectamente cultivadas y pobladas de hermosos frutales y corpulentos castaños; y uno muy notable, que pertenece a la casa de los Señores Domínguez de la Puebla, llama la atención de todos los que visitan el país por su gran tronco de cuarenta y cuatro cuartas [de] cil[r]conferencia y 20 de alto, en cuyo interior hay una especie de habitación y en la parte superior sobre las grandes ramas que de él salen se puso un tablado con asientos, en el cual pueden comer cómodamente 16 personas, rodea el tronco del castaño por la parte exterior una escalera de caracol por la cual se asciende*. É unha fermosa imaxe da conexión directa entre os castiñeiros e as nosas xentes: as de agora, e as que viviron nos tempos medievais ou na centuria decimonónica.

Non cabe dúbida, pois, de que algúns dos nosos castiñeiros son testemuñas silenciosas do decorrer da historia. Foron parte esencial do día a día das mulleres e homes do pasado. Por iso e por todo o que seguen significando, bo é renderlles unha homenaxe a estas nosas árbores e aos seus froitos máis alá do tempo do Magosto. Os castiñeiros son, en boa medida, unha conexión viva e imprescindible c@s nos@s devanceir@s. Os castiñeiros son parte, en definitiva, da nosa historia.



MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ

* Historiador. Natural das Guístolas (San Xoán de Río).